

FARO DA CULTURA

n.º 273 • Xoves, 8 de xaneiro de 2009

Coordina: Xosé Ramón Pena

Para calquera persoa minimamente curiosa, unha cidade ou un país, unha época, poden seren explicados por un estilo artístico. Porén, os grandes xenios –e consideremos como tal aqueles capaces de trocar un xeito de expresión artística– non aparecen por espontaneidade. Cómpre un contorno, un contexto cultural e xa que logo económico, para que callen.

Así, non podemos explicar a Ausiàs Marc sen entender a Valencia do século XV, o *Siglo de Oro* español sen a riqueza chegada de América, Mozart ou Strauss sen a expansión do imperio austríaco ou as vangardas catalás sen a industrialización de comezos do século XX. Por iso mesmo, o xenio de William Shakespeare vai vinculado estreitamente á expansión inglesa producida durante o reinado de Isabel I.

Reducida Inglaterra á súa dimensión insular despois da Guerra dos Cien Anos, cando perdeu as posesións que tiña en Francia desde os tempos de Leonor de Aquitania e Enrique de Plantagenet, a monarquía inglesa gañou poder interior coa ruptura con Roma. Enrique VIII, primeiro, e a súa filla (e de Ana Bolena) Isabel I despois, expropiaron á Igrexa católica todas as propiedades para fundar unha igrexa nacional chefiada pola coroa.

Inglaterra estaba daquela á espreita da loita entre Francia e España pola supremacía europea. As riquezas incautadas á Igrexa foron unha das bases da expansión comercial inglesa. Londres era punto de atracción para a mocidade do interior, ambiciosa de participar no grande pastel que as compañías que comezaban a comerciar (e piratear) as rutas atlánticas ofertaban.

Isabel I quería limitar o poder da alta nobreza a prol dos xentilhomes e dos burgueses. Así, nas guerras contra España e contra Francia, a aristocracia cedeu o seu tradicional papel a favor de inversores que financiaban as campañas, como Francis Drake ou John Hawkins: hábiles navegantes (o primeiro circunvalou a Terra despois de Elcano), armadores de barcos, corsarios e comerciantes de escravos.

De todo iso fala Peter Ackroyd nunha espléndida biografía que vén de ser publicada en castelán: *Shakespeare*. A aquel Londres do bule bule cultural renacentista e comercial chegou desde Stratford, unha pequena mais rica cidade do interior. O dramaturgo traballara, posiblemente, no negocio familiar de luvas e, despois de estudar nun colexio grazas a un privilexio pola condición de alcalde do seu pai, como avogado ou pasante nalgún gabinete. Casara cunha rica herdeira mais, por razóns que aínda descoñecemos, marchou a Londres na procura de fortuna.

A ambición chamaba a moitos homes novos a Londres e a cidade tiña o dinamismo propio desta idade: a metade da poboación roldaba os vinte anos. O teatro –no senso amplo do termo: drama, comedia, circo, histrións– era a principal diversión cidadán. Desaparecidos os autos sacramentais coa reforma relixiosa, diversas compañías patrocinadas por nobres ricos e ociosos herdaron o papel das antigas representacións nas igrexas. Alén, houbo –mes-

Acerca dunha nova biografía

JOAQUIM VENTURA

mo que na relixión– o tránsito definitivo do latín ao inglés.

Visto o éxito de autores coma Marlowe, algúns burgueses decidiron –esquecendo os ambientes tabernarios– erguer teatros estables, ás veces aproveitando os solares baleiros que deixara a expropiación dos mosteiros. Locais como o Theatre ou o Rose podían albergar máis de mil espectadores, se ben non estaban exentos da censura moral dos puritanos. Tamén Shakespeare, anos despois, fundou o seu propio teatro, o mítico Globe, desmontando literalmente o Theatre e trasladándoo ao sul da cidade.

Shakespeare –malia falar un dialecto rural veciño a Gales– fixo do inglés unha lingua universal. Soubo encher de referencias persoais e locais temas históricos e de profundo coñecemento da condición humana. A iso non foron alleos, alén da súa calidade literaria, a súa habelencia como negociante e home de empresa. Coma ninguén, recolleu lendas e tradicións para erguer a máis formidable galería de arquetipos dramáticos e caracteres humnos do teatro universal.



Londres, Shakespeare

✻ ENTREVISTA CON
SOM DO GALPOM / Páx. III

✻ MOSTRA: URBANO LUGRÍS NO
MUSEO DE CASTRELOS / Páx. VI

✻ MÚSICA: HIP-HOP CON SABOR
A LIKOR KAFÉ / Páx. VIII

“Cambio xeracional en St. James Palace”, de Ignacio Goitia.



Os clásicos representaban a *vanitas* –isto é, o paso do tempo- por medio dun esqueleto exánime. Nos nosos días, tal representación correspóndelle aos cambios semestrais das modas. “A moda é unha forma de fealdade tan intolerable que non temos outra opción que cambiala cada seis meses”: de certo que o aforismo de Oscar Wilde define con ironía as bases do calendario cultural na contemporaneidade.

No cadro de Hans Holbein o Novo, *Os embaixadores* –datao en 1533-, un deles leva casa, polainas, capiña rematada en pel mentres o outro viste un xeito de sobrio hábito longo e negro. Ambos levan barbas coidadas. Ese retrato de persoeiros vestidos á rixida moda do século XVI ten no primeiro plano do lenzo unha representación en diagonal dun esqueleto humano. O cadro é, pois, tanto un retrato da moda da época como unha reflexión sobre a efémera existencia do home.

Daquela, no século XVI e até ben entrado o século XIX, o vestido servía fundamentalmente como instrumento para representar o poder, a moda era tan estática como os sistemas políticos que representaba. O monarca francés Luís XIV veu ser un senlleiro interesado na moda e na súa utilidade como representación do poder e instrumento para definir unha época. Os retratos que lle fixo Hyacinthus Rigaud recollen elementos axiais do seu estilo como lazos, perrucas, peles, iconas como a flor do lis, tacóns e puntillas que son os detalles que obrigaron a todos os cortesáns a trocar e ser mutantes ao ritmo que marcaba o capricho do rei apoiado dende o ámbito mercantil polo ministro Colbert. Nese tempo o vestiario era símbolo de poder, etiqueta de acceso á corte de Versalles e orixe do puxante sector do luxo francés.

Outro gran mutante no aspecto da moda e na súa representación nas artes foi Napoleón. Os retratos do emperador, realizados por Jacques Louís David, representan unha nova era. O estilo *imperio* alentado por Napoleón apóiase na simplicidade do clasicismo grecolatino e provoca en menos de dúas décadas unha convulsión na forma de vestir, no xeito de retratarse, e nas maneiras da arquitectura que traslada ao país da flor do lis cara á identidade apoiada na abella napoleónica. En pouco tempo houbo, pois, unha mutación do aspecto e as artes recollen esa novidade con deleitación, como por exemplo na escultura da irmá de Napoleón, Paulina Borghese, retratada como a deusa Venus por Cánova.

Mutantes, Mutantes

Metamorfoses na Arte

ROMÁN PADÍN OTERO

Dende mediados dos anos oitenta do século pasado, as fotografías de moda fixan una cronoloxía das mutacións do corpo que se renova cada seis meses. A máis contundente orixe da influencia da publicidade no tratamento do corpo atópase nas primeiras fotografías de Bruce Weber para a roupa interior masculina de Calvin Klein. O corpo atlético e espido aparecía daquela como metalinguaxe da moda creando unha tendencia da moda dende o corpo cara ao exterior. A casa Versace neses anos oitenta, e noventa, con Herb Ritts, invita asemade a lucir corpos de soño baixo lixeiras sedas e

mallas metálicas. Era o inicio do imperio da idealización dos corpos perfectos que habería de trocar a silueta, inducindo a metamorfoses que transcenden os cortes dos tecidos para chegar aos cortes da pel. Os ximnasia e as operacións de cirurxía estética convértese nos probadores dos xastres do século XXI.

Cirurxía, ximnasia e fotografía

Os xeniais fotógrafos Helmut Newton e Guy Bourdin recolleron as novidades dos corpos coloreados, cortados e operados para acadar a nova imaxe da Eva Futura. As revistas de moda e arte encheróñse de imaxes con mulleres e homes levando traxes xastre e vestidos de alta costura envoltos en vendas, apósitos e próteses das recentes operacións de estética.

Steven Meisel, Mario Testino, Steve Klein, entre outros grandes artistas, crearon escenarios deses interminables postoperatorios.

Logo de ter vencido a todo o mundo da necesidade dos corpos de ficción, os creadores propoñen nas máis recentes campañas, novas mutacións que nos levan aos corpos naturais e imperfectos. Juergen Teller para Marc Jacobs ou Jeff Burton, para Kris van Assche, empregan a aparencia espida da xente da rúa nas últimas publicidades. As mutacións nunca paran, a moda e o retorno sen fin.

Eses remotos cambios nas modas e no estilo eran trasladados ás artes plásticas. Ao longo do século XIX as mudanzas dos estilos nas artes e nas modas, sucédense arreo: clasicismo, romantismo, neogótico, isabelino, eduardiano, Segundo Imperio... son estilos que duran o que a monarquía que os impón. A *vanitas* segue o ritmo do poder político e inflúe nas artes.

O século XX é o dos deseñadores. Logo das dúas grandes guerras e tras das innovacións das vangardas cubistas e surrealistas, logo das invencións dos primeiros grandes fotógrafos de moda e arte como Cecil Beaton e Horst P. Horst, logo dos primeiros costureiros como Poiret e Chanel, chegou o tempo da grande difusión da roupa lista para levar; o diálogo da roupa coas artes e co mercado fíxose seminal para o modo de comportamento no mundo contemporáneo. A fotografía, primeiro, e o film en forma de longametraxe ou vídeo, despois, son os soportes que recollen a moda e inflúen nela. Mirando as fotos da segunda metade do século pasado vemos as mutacións máis próximas a nós. A silueta enfaixada de Dior retratada por René Gruau e seus os traxes de noite fotografados por Richard Avedon son a primeira crisálida. Logo as mantis relixiosas de Helmut Newton para Yves Saint Laurent. As exuberancias de Jean Paul Gaultier retratadas por Jean Baptiste Mondino. A sensualidade de Versace retratada por Steven Meisel. E a eternidade de Chanel retratada por Karl Lagerfeld. Son todas as mutacións de medio século impostas pola moda e recollidas pola fotografía como soporte das artes. Dende a *vanitas* do poder imperial até a secuencia semestral do sistema da moda.

ENTREVISTA

Crearon Vdes. *Som do Galpom* hai xa agora tres anos. Cal foi a evolución da banda durante este tempo?

-Coidamos que comezamos cunha proposta orixinal ou, cando menos, innovadora, e logo, a raíz das ideas dos membros que se foron unindo e mais das propias que xa tiñamos, a música foi evoluíndo até chegarmos a esta fusión á que lle chamamos funky®gae&rap.

- Teñen algunha banda de referencia?

-Como facemos un estilo un pouco es-

momento todo tende cara a facer a música máis electrónica, con máquinas, con ordenadores... criamos que era innovador facelo dando un paso para atrás, deixando todos eses aparellos a un lado e volviendo coller o de sempre, o máis orgánico, o máis analóxico, para intentar reproducir "á man" ese estilo de música.

- Nestes tres anos fixeron un feixe de concertos. Como son os directos de *Som do Galpom*?

-Os nosos concertos son para a xente,

e sempre destacamos que o grupo vive deles. O directo é, quizais, o estado máis puro no se pode ver a *Som do Galpóm*. Porque ás veces, ao enlatar as cousas, pérdese un pouco o sentimento. Nós somos un grupo que temos moito contacto co público e que sabemos transmitir ese sentimento á nosa xente.

- Como marcha a gravación do novo disco?

-Está nun punto moi bo. Fomos hai un par de semanas a Vigo, facer unha pre-

produción, e o 9 de xaneiro entramos en Casa de Tolos. Temos por diante unha semana e pico de gravación, e estamos superilusionados e con moitísimas ganas de ter eses temiñas xa gravados para que a xente os poida escoitar na súa casa. Serán doce temas, algúns coñecidos, outros menos, e mesmo hai algunhas cancións inéditas, que non tocamos aínda en directo.

- Teñen pensado tocar fóra de Galiza?

-Xa demos un par de concertos fóra. E



FOTO: ELI REGUEIRA

traño, un tanto raro, pois non bebimos directamente de ningún grupo, aínda que de referencia para nós son bandas que fan un estilo mestizo, como Mano Negra ou Ojos de Brujo, un Macaco, un Muchachito Bombo Infierno... E de bandas galegas, sempre nos gustaron moito Os Resentidos, Os Diplomáticos de Monte Alto e cousas así.

- Precisamente, o seu estilo rapeando fai lembrar esoutro de Antón Reixa...

-Iso descubrímolos co tempo, cando paras a pensar que grupos escoitabas de neno. E para nós, Antón Reixa foi o primeiro rapeiro galego, porque cantaba pero, ao mesmo tempo, recitaba. Iso tamén bebe da regueifa e dos regueifeiros, que son un pouso para que despois xurdan outras cousas.

- Un dos apartados que os caracteriza a Vdes. é crear as bases con instrumentos. Por que decidiron facelo sen electrónica?

-Como no panorama musical deste

Som do Galpom

“O directo é o estado máis puro no que se pode ver a *Som do Galpom*”

Som do Galpom naceu hai tres anos. Dende aquela, os seus cinco integrantes, Brais, Xurxo, Jano, Aitor e Gael (portavoz da banda nesta entrevista), levaron con éxito a súa proposta -unha fusión de funky, reggae e rap con bases totalmente instrumentais- por toda Galiza. Agora, tras gañar a última edición do certame “Nsaio no Camiño”, atópanse metidos na gravación do seu último disco: doce temas que moi logo levarán aos escenarios nun espectáculo que anuncian novidoso e cheo de forza

pódoche adiantar que imos estar por España e tamén en Portugal.

- Que plans teñen para despois do disco?

-Despois, aínda nos queda choio dabondo, porque queremos preparar un espectáculo novo, mesmo con máis temas dos que van no disco. Por iso tamén facemos este parón: xiraremos o ano enteiro, tanto en Galiza como fóra, e queremos preparar un directo novidoso que lle goste á xente.

- Pensaron en variar a formación, introducindo máis instrumentos?

-De momento, non. Hai moitas cousas que nos gustaría facer, pero pensamos que non é o tempo: os cinco estamos moi ben, moi cómodos, levámonos xenial, e cremos que é mellor aguantar así un pouco. Ideas hai moitas: meter instrumentos, meter coros... pero temos unha estabilidade tan boa como grupo, tanto no plano persoal como no musical, que, polo de agora, é preferíbel seguirmos así.

Fariña literaria

Propostas arredor da malla

ARMANDO REQUEIXO

Hai agora algo máis dun ano estreábase no Teatro Principal de Santiago de Compostela o espectáculo *Pan*, título baixo o que se agruparon catro propostas escénicas arredor do mundo da malla que agora vén luz impresa da man de Sotelo Blanco Edicións.

Conta *Pan* con dous prólogos (un do editor Ole-gario Sotelo Blanco e outro de Alfonso Blanco Torrado, coordinador da Fundación Manuel María, que colabora xunto con Volta e Dálle Teatro na aparición do libro), aos que segue un poema limiar de Caetano Arias sobre "A máquina de mallar", soarego ao texto das catro pezas, a banda sonora das cales se reproduce nun CD que acompaña o volume e que foi creado e adaptado musicalmente por Mini e Mero.

Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade e Xosé Henrique Rivadulla Corcón son os autores das obras recollidas en *Pan*, todas elas ambientadas tematicamente no mesmo mundo, como revelan os propios títulos: "A

sementeira", "A sega", "A malla" e "O pan". Son estes textos de moi diverso xorne, tanto no enfoque dramático escollido como na linguaxe escénica

e aínda literaria da que se alimentan. Nada teñen que ver, fóra da escusa temática común, a dialéctica conflitiva do urbanita fronte ao rural que "A sementeira" de N.


López desenvolve coa enunciación discursiva e case que oratoria de Carlos Santiago na súa sarcástica "A sega", como tampouco coinciden e n

ren o drama de personaxes máis ou menos surreal e sempre benhumorado de Lucho Penabade en "A malla" coa escrita poética de diálogos literarios de X. H. Rivadulla Corcón no seu "O pan".

Alén do dito, o libro complétase cunha selección de fotografías do espectáculo e unha detallada "Ficha técnico/artística" do mesmo, onde se nos informa cumpridamente sobre a dirección do Movemento escénico que realizou para este Branca Novoneyra e o labor levado a cabo por outros notables profesionais.

Un volume, pois, que supón un achegamento novo e atractivo a un referente tradicional en transo de desaparición como é o do proceso de elaboración artesanal do pan, xeira vista aquí dende a particular óptica de catro moi diversos autores que certifican coa súa aposta a viabilidade da relectura escénica dunha realidade rural para tantas galegas e galegos conformadora dunha parte esencial da súa memoria.

VVAA., *Pan*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2008, 87 páxinas.




Fermosa recuperación

Amando a terra de seu

ROMÁN RAÑA

Congratulámonos da publicación de *Abicedo. Cabrinfolas* de Victoriano Taibo, en edición de Armando Requeixo. A obra de Victoriano Taibo (Compostela, 1885-Vigo, 1966) fica nos manuais da literatura ao uso cunha única mención: o seu poemario *Abrente* (1922) e o seu opúsculo *Da vella roseira* (1925). Pertencente á denominada xeración de "Entre dous séculos", o seu pendor modernista, o seu gosto pola copla popular, as súas raíces campestres, inundan o seu verso dun merecido carimbo folclórico. A súa vida, rigorosamente transcrita polo editor, estivo sempre consagrada á causa galega



e participou, nos inhóspitos tempos do franquismo, en tarefas galeguistas e galeguizadoras. Foi mestre represaliado, pedagogo humilde e sereno, persoa bondadosa e moi querida por toda a xente. Dentro das correntes estéticas finiseculares o resto da súa produción literaria, inédita ou dispersa, merecía, dunha vez, o premio da publicación. Para reparar esta inxustiza temos, nas nosas mans, os libros que agora comentamos.

Predomina nos dous a rima romancesca, os versos octosílabos, a rima asoante. Estes indicios xa nos sitúan o autor na esfera dos mestres do segundo Rexurdimento (Ramón Cabanillas sobre todo, mais tamén lateralmente Noriega Varela).

Fulguran nesas composicións os ecos de Rosalía, mais, no momento máis oportuno, tamén o modernismo filtrado por Pondal: "Escóitase o axirido da gai-vota e do corvo/nun lusco-fusco torvo,/qu'o lóstrego alumea con cárdeno craror;/asulagouse a xerfa do mar na nevoeira,/i a tráxica mareira/desaverosa axita terra e mar nun tremor."

Este sensorialismo colorista, con pinceladas tormentosas e marítimas, lembra *Os Eoas* e os *Queixumes dos pinos*. Mais tamén sorprende a semellanza que irradian outros versos, esta vez á sombra do grande Amado Carballo e do seu refulxente hillozoísmo: "No colo morno das brñas/reza dormente un rosario/de murmuxos e solouzos,/a verba mol d'un regato."

Fermosa recuperación dun escritor esquecido, libro aconsellábel para recobramos a memoria dos que amaron a nosa terra de seu.

RAÑA, Román, *Abicedo. Cabrinfolas* (ed. Armando Requeixo) Ed. Follas Novas, Santiago, 2008, 192 páxinas.

Limpo e Nu

Valorar os recendos

DORINDA CASTRO SOLIÑO


A vida moitas veces envíanos duras probas que, lonxe de derrubarnos, fannos inmensamente fortes". Estas palabras, entrecollidas do limiar, son a carta de presentación dunha nova voz poética que asoma ao panorama literario galego con enerxía e ilusión: a de Asun Estévez Estévez, nacida en Bueu en 1966 e que desde moi cativa comezou a escribir empuxada polo amor ás verbas e aos versos. Agora, con decisión, novos azos, despois de nacer de novo, descubrirse a si mesma e liberarse de todos os medos, ofrécenos o seu primeiro traballo que leva un ben significativo título: *Pel de Muller*, volume que a Editorial Ir Indo rematou de imprimir "no tempo en que a natureza adquire a cor laranxa" do ano 2008. Con el, a editorial recupera despois de algúns anos, a súa liña poética e faino, ademais, dun xeito altruista e xeneroso pois todo o beneficio económico que o libro reporte entregarase a ADICAM (Asociación de Diagnosticad@s de Cancro de Mama), da que a autora forma parte e co que quere agradecer a calor, a enerxía, a esperanza e, sobre todo, as ganas de vivir que no seo da Asociación atopou.

Pel de Muller, xa que logo, é un fermoso agasallo de 35 poemas agrupados baixo tres epígrafes: "Cincenta Espida", "Pel de Muller" e "A peito descuberto". Todos eles son, ante todo, un grito de amor a vida e a liberdade, un xeito de enfrontarse aos duros momentos e de reivindicarse como muller. Moitos dos seus versos nacen de momentos de dor "deses días nos que estaba rota e quería correr aínda que fora cunhas pernas de trapo". O *eu* poético preséntase entón como muller, cabreada coa vida, loitando, espaventando a morte e os medos: "corrín espida/ a violar a vida/ mestureime no infinito/ coas estrelas/ remexín nos sentimentos/ estou viva/ quero rir/ sen máscara/ voar o son do vento/ sentir que sinto/deseño." Son así mesmo poemas nos que as forzas da natureza, están presentes para acoller-nos, para consolarnos, darnos azos, para abandonarnos a eles e vivir con eles en plenitude: "arrúpame estrela", "acaríciame mar", "son forte/ forte como a pedra".

Coa mesma forza coa que se aferra á vida escribe tamén versos dedicados a reivindicación do propio ser: "Quero seguir sendo" ou aqueloutros do fermoso poema final que é unha declaración de intencións: "o mar é inmenso/ e eu quero navegar". Ao seu carón, outros de ton máis íntimo son os que falan do amor, da procura da infancia perdida e os dedicados á nai, ao fillo, a amiga, ao irmán...

Un libro limpo e nu, un agasallo para todos aqueles e aquelas que aprenderon a importancia das pequenas cousas e saben valorar os recendos, os sabores e mais os sentimentos.

ESTÉVEZ, Asun, *Pel de Muller*, Ed. Ir Indo, Vigo, 2008, páxinas.



Saga de segredos

Entre heroes errados

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Segundo explica Gonzalo Moure, esta novela está inspirada nas historias que un tío seu adoitaba inventar sobre unha solitaria tumba, de pedras soltas, que erguía a súa enigmática cruz de cemiterio recortada contra as ondas do Golfo Ártrabro, onde brúa o nordés. A identidade do ocupante variaba en cada conto, e de aí naceu a idea de escribir esta obra -como el mesmo indica, ao modo de Rashomon, con varios narradores-, na que conflúen diferentes versións do mesmo feito, e son os personaxes quen lles outorgan unha determinada interpretación e re-

A novela iníciase co relato de Manuel, enfrontado á soidade e a tristeza: a súa muller, Clara Mayo, acaba de morrer, e el trata de poñer en orde o seu universo, de atopar explicacións ao acontecido. No seu intento de enlazar de xeito comprensible o pasado e o presente, de interpretar os signos -intuído, porén, que sempre se repiten-, Manuel revisa as notas que tanto ela coma el eran tan proclives a escribir; sobre todo nos últimos tempos, cando estaban a redactar xuntos a biografía apócrifa do primeiro Mayo e mesmo percorreran Gales e Cirenea á busca das súas pegadas. Así, a través desas "follas de caderno que murmuran ao paso",

dos recantos e matices descoñecidos.

Os personaxes caracterízanse con breves e intensas pinceladas (quen é un "sorriso de manteiga de cacao", quen unha "lúa no eclipse", quen resume a frustración do desarraigo nunhas "magníficas Vuittton de pel de foca" que xamais se abren), e as súas relacións e influencias mutuas revelan complexos sentimentos de orgullo e de culpa. Condicionados polo peso do apelido, lastrados polos segredos, sobreviven entre falsedades e disimulos, suposicións, medias verdades e silenzos, sempre coa sensación de que aínda fican cousas por saír á luz e, polo tanto, tamén sempre embarcados nunha esfaameada procura de respos-

tas que, certas ou non, os tranquilicen e representen, en cada caso, "unha boa solución ás respectivas pescudas". Para Clara, chegar a coñecer a verdade sobre a tumba significaría achar unha xustificación da súa existencia, atopar as razóns do seu destino e, en última instancia, a verdade sobre si mesma, pois, a fin de contas, ela persegue a imposible expiación dos erros do pasado, eses erros que, se cadra, recibira o doloroso don de poder ver cando, de nena, subira á pedra máxica de Santo Toribio.

A NARRACIÓN
COMBINA A ÉPICA
COA
MELANCÓLICA
DISECCIÓN DA
REALIDADE

Unha novela de heroes errados e nobres desertores, de cidades e honras e tesouros ocultos, onde as lendas e a Historia se entreceten para construír unha convincente realidade: unha realidade composta de fragmentos, inexplicable e contradictoria, coma case sempre sucede que esta é.

MOURE, Gonzalo e BLANCO, Tina, *A porta de Mayo*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 397 páxinas.

Xerifaltes doutrora

De Apostólicos e Carlistas

XOSÉ ANTONIO LÓPEZ TEIXEIRA

Xosé Ramón Barreiro Fernández (Ribeira, 1936) constitúe, sen dúbida, unha figura fundamental da historiografía galega actual, con relevantes contribucións, sobre todo na Idade Contemporánea, onde destacan títulos tan significativos como *El carlismo gallego* (1976) -o volume que agora nos ocupa e que de novo reimprime Edicións Lailovento, traducido para o galego por Alberto Allegue. Presidente da Academia Galega desde 2001, vencella ao seu labor investigativo un afán divulgativo do que son exemplos senlleiros os manuais de historia de Galiza así como as biografías dalgúns dos máis preclaros vultos da nosa cultura: Murguía, Otero Pedrayo ou Valle-Inclán, que fan del un referente imprescindible para recoñecermos o noso pasado máis recente.

Cando Xosé Ramón Barreiro publica *O carlismo gallego* en

mo para os de esquerdas. Porén, a febleza do novo estado liberal favorecía que as chamadas "rexións" gozasen dunha certa capacidade que lles permitía enfrontarse desde elas mesmas aos problemas inducidos desde fóra.

O mérito de Barreiro foi levar adiante, por vez primeira, o estudo do carlismo galego atendendo á súa evolución e ás posibles causas do seu fracaso, que o noso autor atribúe, como tese xeral, ao mínimo apoio popular co que contaron. De certo, as raíces populares do movemento foron esgrimidas como unha compoñente esencial, e se ben non se pode dudar de tal arraigo no País Vasco-Navarro, o certo é que en Galiza xamais foi un fenómeno

duns valores -Igrexa, orde social e propiedade- que eles consideraban en perigo pola ameaza republicana. Agora ben; cando o carlismo galego "se tirou de novo ao monte" foi pouco a pouco perdendo eses apoios. De ser un partido potencialmente de masas quedou reducido na Restauración a ser un partido de sancristías.

Así, este volume ten o valor indubidable de ofrecernos unha visión global e actualizada de todo o que se sabe sobre o carlismo galego. O profesor Barreiro manexa con mestría a bibliografía existente e utiliza un estilo descritivo que fai moi atractiva a súa lectura. Escrito por un dos máis brillantes e fecundos historiadores galegos, esta obra non só permite percibir a sempre complexa evolu-


E STAMOS
PERANTE DUN
CLÁSICO DAS
NOSAS CIENCIAS
SOCIAIS

1976, as únicas referencias bibliográficas eran as carlistas ou as que procedían da escola do profesor Verdeguer. Na fronte estaba a historiografía liberal, representada por Seco Serrano e Miguel Artola, contrapunto á escola tradicionalista e tamén punto de partida para os estudos do noso autor. Pero con diferenzas: a metodoloxía de Barreiro pasa por situar Galiza na cerna das súas pesquisas. Pola contra, tanto a corrente liberal como a marxista -que comezaba a despuntar, non sen dificultades nesta xeira- centraban o seu exame en España como único suxeito histórico. Disto deriva que o filocalismo da sociedade campesiña pasase a ser considerado unha tese inamovible, paradoxalmente, tanto para os historiadores carlistas co-

de e masas; a negativa do campesiñado a participar contribuíu sen dúbida ao seu fracaso. Este descubrimento -as raíces ultramontanas e elitistas do carlismo galego- constitúe un verdadeiro albo da investigación arredor do noso século XIX. A situación varía no Sexenio. Baixo a sigla de "neocatólicos" pasáronse decenas de políticos para construír unha fronte política na defensa

ción política do século XIX senón que se converteu, por méritos propios, nun clásico das nosas ciencias sociais. Por todo o exposto, parabéns; benvidos sexan sempre libros como o que hoxe aquí presentamos.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón, *O carlismo gallego*, Ed. Lailovento, Santiago, 2008, 379 páxinas.



levancia, segundo as súas diferentes visións e expectativas. En estreita colaboración con Tina Blanco e mais coa participación literaria de Jaureguizar, o tradutor ao galego, elaborouse así, arredor do misterio da tumba xunto ao mar, esta saga de segredos e revelacións que involucra os descendentes de Patrick O'Mayo, aquel guerreiro bastardo, fillo de reis de Irlanda e Inglaterra, que sulcaba o mar camiño das Cruzadas cando, se cadra, por erro ou por destino, arribou ás costas de Ortegá e sementou a estirpe da familia.

as que cada un constrúe o autorretrato da súa propia vida, a narración combina a épica heroica da historia do guerreiro coa melancólica disección da realidade por parte de Manuel e os obsesivos textos de Clara e, por medio destes últimos, bocexa tamén un plural e decadente retrato da familia e do pazo dos Mayo. Baixo as distintas olladas, "o misterio da tumba do alemán", a única certeza, amosa inespera-



Sempre me acenaban, cun engado indefinible, aqueles estantes da parede do fondo feitos de velas madeiras, que algún día foran de Deus sabe que naos, onde Pedro tiña a súa máxica colleita de estranos ouxetos, atopados por el ao longo da súa vida nos recantos da costa. Había moitas botellas, grandes e pequenas, de todas as cores e feitíos, que chegaran aboando manseliñas a parar no areal da fuma e nos cons de toda aquila beiramar. ("A esmeralda", Xosé María Álvarez Blázquez).

Cumpríuse o ano que vén de rematar o centenario do nacemento do pintor Urbano LUGRÍS (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) e o Museo de Castrelos, que posúe unha das súas obras máis importantes, a famosa *Habitación do vello mariño*, lembra a figura do artista cunha atractiva mostra. Concibida para dar unha imaxe da súa personalidade múltiple, reúne un pequeno número de obras, mais que permite unha visión singular do seu universo. Para levala a cabo os comisarios, López Vázquez e Monterroso, elaboraron un proxecto que poderíamos definir como de gabinete, evocando o universo material da pintura de LUGRÍS e o seu mundo referencial desde a tradición iconográfica e en diálogo con obras antigas da colección do museo.

A obra de LUGRÍS é enormemente persoal pero nunca illada, nin falta de referencias no contexto da arte europea. É a súa unha pintura que bebe do realismo máxico da arte de entreguerras, tanto que podería estar presente o seu traballo sen desentao nun libro como o famoso *Realismo máxico. Post expresionismo* de Franz Roh, volume que na tradución española de 1927 tivo unha enorme influencia nos artistas da xeración de LUGRÍS. En común co realismo máxico a pintura de LUGRÍS ten unha perturbante ambivalencia entre reprodución fiel da realidade e creación autónoma da imaxe.

Cómpre non esquecermos este ámbito artístico xeral porque cando Urbano LUGRÍS comeza a súa obra el, e o medio intelectual no que se forma, están moi ao tanto do que acontece no mundo da arte en Francia, Italia e Alemaña, países nos que se están a desenvolver os realismos de entreguerras.

Entre as pinturas agora expostas poderemos contemplar obras de variados formatos. É coñecido que LUGRÍS destacou como creador de grandes e medianos conxuntos, moitos murais, de tema marítimo, cunha irresistible tendencia ao horror vacui, moi ben representadas na mostra cos murais do Hotel Moderno de Vigo. Sen que estas caracte-



Viaxe cara ao mundo de Urbano LUGRÍS

CARLOS L. BERNÁRDEZ



ísticas desaparezan nas pinturas de menor formato, hai nalgunhas delas unha concentración e contención temática que favorece a apreciación de calidades coloristas, con azuis ou verdes de tonalidades variadas, que favorecen a evocación e que contrastan coas súas composicións máis recargadas, ategadas de obxectos, dos que na exposición temos un excelente exemplo n'*A habitación do vello mariño*.

Con *A habitación do vello mariño* o pintor crea unha obra de valor singular; o lenzo, partindo dun carácter aparentemente anecdótico, acaba por se conformar como unha pintura de enorme orixinalidade. Nel o artista constrúe unha auténtica natureza morta como reflexo do eu na que os obxectos reproducidos no cuarto mariñeiro son un retrato do mundo referencial do artista. Este ti-



FOTOS: ELI REGUEIRA

Unha mostra no Museo de Castrelos

Pero a mostra, como o título da mesma adianta, quere reflectir o mundo do artista e o universo mariño da obra pictórica de Urbano LUGRÍS está fortemente relacionado co literario. LUGRÍS foi poeta ocasional -asinaba co pseudónimo de Ulyses Fingal-, amigo de poetas e lector afervorado de literatura do mar. Este mesmo mundo temático é o que o leva a homenaxear a Manuel Antonio e a Jules Verne ou a facer dialogar, en versos e pinturas, mariñeiros e sereas.

A escolla de referentes literarios en LUGRÍS é todo menos casual. Verne é a aventura en estado puro, a vontade de abertura a novos mundos desde a ollada do neno que quere voar e navegar, ser ao tempo o Capitán Nemo e viaxar á lúa. Manuel Antonio é naturalmente o poeta navegante cunha actitude que se materializa nun individualismo inconformista e posuidor dun universo mental e dunha actitude evidentemente an-

tiburguesa. Para Urbano LUGRÍS o autor de *De catro a catro* é o poeta maior do mar para o que navegación é a experiencia vital, a travesía, a singradura, a vida que flúe nun mar que é tránsito, dinamismo da vida e do que todo sae e ao que todo volta, a máis profunda esencia da vida.

LUGRÍS é pois un pintor e tamén un escritor do mar e no seu panteón figuraban nun lugar privilexiado escritores como Manuel Antonio, Coleridge ou Jules Verne. O pintor Urbano LUGRÍS era tamén o escritor Ulyses Fingal, e xuntos navegaban e seguro que seguirán a navegar

Ulyses Fingal

entre versos e pinturas, entre mariñeiros e sereas á procura dalgunha Atlántida por redescubrir. O fragmento do conto "A esmeralda" de Xosé María Álvarez Blázquez, que encabecemos este artigo, evoca fermosamente o universo do pintor, un mundo entre o pictórico e o literario, que é un dos grandes logros da arte galega do século XX.

po de utilización da natureza morta podémola observar con anterioridade en autores da vangarda internacional, como é o caso de Alexander Ródchenko autor dunha fotografía *Natureza morta con Leica* (1930) na que unha cámara, unha pluma e un caderno, son os obxectos elixidos que son tamén un retrato do propio autor e do seu ambiente e inquranzas estéticas, coa cámara fotográfica como paradigma da modernidade e da nova creatividade reprodutiva. Igual concepción podemos observar nun cadro da pintora galega Maruja Mallo: *Elementos para el deporte* (1927) no que a pintora converte as raquetas, bólas, etc... nunha auténtica "antivanitas", nunha natureza morta da modernidade.

No cadro de LUGRÍS, no que o referente barroco é igualmente evidente, tamén se lle dá volta ao valores barrocos. Se nas naturezas mortas barrocas os obxectos podían adquirir un valor moralizante, *A habitación do vello mariño* deita tamén un sentido simbólico, mais dun simbolismo que aposta pola subxectividade do eu, na que aínda os obxectos representados teñen a frescura inxenua e esperanzada que o mundo ideal do autor defende.

Alegato directo

Eu tamén son fonte é a un alegato, directo e cargado de poesía, a prol do aleitamento materno, un canto que identifica o embarazo coa primavera, coas sensacións que decote esta evoca, e mais unha fermosa metáfora que converte ás mulleres en fonte de vida. Algo difícil de expresar pero que aquí semella doado grazas á sensibilidade de Teresa Moure con este tema como xa ten manifestado nos ensaios en que defende o feminismo dende unha postura naturalista. Recolle así algunhas das cuestións que máis preocupan á autora como o feminismo e a ecoloxía, que malia ser xa comúns na literatura infantil, aparecen agora tratadas dende unha perspectiva completamente innovadora facendo participar aos lectores e ás lectoras do natural.

Motivos, embarazo e lactancia, que a autora trata dende a máis absoluta naturalidade de maneira que reflicten tranquilidade e serenidade. O embarazo como un proceso que positiviza

Con fermosas imaxes

PAULA FERNÁNDEZ



a quen o vive e que fai que a muller goce con numerosas experiencias sensitivas cando imaxina o novo ser e cando pensa na vida que comezará coa chegada do pequeno ou pequena. E, á beira deste embarazo, desta primavera onde todo é redondo, o aleitamento como algo normal, presente na sociedade

dende sempre mais tamén agochado, polo que defende facelo visible e dignifícalo para así amosar o orgullo por esa experiencia da que abrolla nova enerxía.

Un texto poético, agradable pola musicalidade da súa lectura, cheo de fermosas imaxes que foi promovido pola Federación Galega de Asociacións de Apoio á Lactación Materna para contribuír co traballo sensibilizador que estas desenvolven con homes e mulleres do país, e que grazas á beleza plástica de Leandro Lamas, quen coas súas ilustracións, coloridas e explícitas, nas que predominan as formas redondas e a representación de motivos naturais, remata de dar forma a esta idea de perfección. Unha idea plasmada nun proxecto que de seguro suporá un punto de inflexión na literatura infantil, pola seu tema e polo xeito de transmitilo: pensando na madurez de quen le e na ausencia de prexuízos nos cativos e cativas.

MOURE, Teresa, *Eu tamén son fonte* (Ilustr. Leandro Lamas) Ed. Galaxia. Vigo, 2008. 26 páxinas.

Ollada delicada

O pasado faise presente en seis dos doce relatos que conforman *Cachiños do meu cerne*, un libro escrito por Fuco Paz Souto (A Coruña, 1955) no que as lembranzas dunha época feliz, a da infancia ofrécelle a posibilidade ao autor de actualizar retallos da súa vida e ao mesmo tempo, quizais, interpretar xestos que a esa altura non gozaran da percepción adecuada.

E é que o protagonista destes textos, Fuquiño, levado pola frescura da infancia e a inocencia dun rapaz de aldea, bríndalles aos lectores as reflexións de quen olla a vida coa delicadeza de saberse satisfeito. Así, comezando co soño de lembrar a súa infancia, plasma de forma dinámica e doce no papel aquel día no que abraído e asustado polos cabezudos correu a refuxiarse na Curra, aquel outro no que a lombos dunha Montesa fora de compras ao centro co seu pai e voltara cun estupendo afilalapis, esoutro momento no que fora castigado polo mestre no cuarto escuro, aquela xornada na que despois de moito apuro non o deixaran a el e aos seus amigos ver una película para maiores de

En virtude da lembranza

MARÍA NAVARRO



catorce anos ou esoutro día no que descubriera quen mercaba os agasallos de reis.

E entre lembranza e lembranza vai debullando o autor

anacos do seu cerne que nos últimos seis relatos combina con diferentes textos nos que sendo outros os protagonistas deposita una fonda sensibilidade cos que perseguen ideais, cos que se ilusionan, cos que aman ou cos que sofren.

Por outra parte, a linguaxe clara e coidada alíase co texto para dar ao lector un libro no que o pasado e o presente se desdébuxan en virtude da lembranza, no que o realismo que preside os relatos está posto ao servizo da evocación literaria e no que a delicadeza coa que son tratados os personaxes nos transporta por momentos a mundos maravillosos nos que reina a emoción. Cada liña, cada parágrafo destila sentimento, ben sexa polo vivido ou polo percibido, e iso non resulta alleo á narración que se ben nalgún momento perde forza, noutras acada una interesante intensidade

PAZ SOUTO, Fuco, *Cachiños do meu cerne*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2008, 81 páxinas.

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Conexión Tubinga

Alberto Canal

Edicións Xerais. 224 páxinas

O padre Amador prohibiu a lectura do libro *Existe Deus*, de Hans Küng, no Seminario Divino Mestre de Ourense, unha obra na que se intenta demostrar racionalmente a existencia de Deus. Tito Besteiro, un seminarista admirador de Nietzsche, intenta desentrañar os motivos da prohibición, percorrendo un intrigante ca-

miño que o leva á cidade alemá de Tubinga, onde perdura a historia do enfrontamento entre a Igrexa tradicionalista de Ratzinger e a vangardista de Küng. *Conexión Tubinga* é unha intriga teolóxica que encerra a historia dun rapaz que trata de buscar a súa identidade nun ambiente de represión emocional e sexual.



O violinista de Malá Strana

Xerardo Agrafoxo

Editorial Galaxia. 332 páxinas

A inquietante aparición dun cadáver debruado contra as lousas do recinto histórico de Praga constitúe o punto de partida da investigación policial da que se vai encargar un comisario checo a punto de retirarse. A través de diferentes voces a novela reconstrúe o derradeiro ano da vida dun escritor

que, fascinado polas páxinas de Frank Kafka, as aventuras do aviador Antoine de Saint-Exupéry e as peripecias dos exploradores europeos obsesionados pola mítica cidade de Tombuctú, emprende unha viaxe a Praga, onde se atopará unha enigmática muller que marcará a súa vida.



O branco país de neve

Encarna Otero/Elisa Gallego

Editorial Galaxia. 26 páxinas

Unha nena soñaba nun branco país sen neve. A ela gustáballe o sol, a luz, o inmenso mar azul; mesmo cando estaba bravo. O frío paralizáballe a calor do corazón, por iso non gustaba del. Mais soñaba con abrir os ollos un día nun enorme prado branco, tan inmenso que a súa ollada non podería

abranguer os lindes: ela, que sempre vivira nun país pequeno, sen saber que era ter un horizonte. Aínda que se trate dun conto para os máis cativos, *O branco país sen neve*, pola súa estética e calidade editorial, de seguro fará as delicias de todos aqueles adultos que saiban apreciar a boa literatura infantil.



Educación e Paz III

Xesús R. Jares (Coord.)

Edicións Xerais. 136 páxinas

Durante o ano 2008 celebrouse o 25 aniversario de Educadores pola Paz, grupo que forma parte do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. Para conmemorar esta efeméride, Xesús R. Jares, desaparecido o pasado mes de setembro, impulsou a publicación dunha triloxía, *Educación e Paz*, coa intención

de recoller as achegas dos homes e mulleres que veñen traballando arredor dos obxectivos que promove Educadores pola Paz. O terceiro deles, *Educación e Paz III*, recolle textos narrativos de autores galegos inspirados na cultura da paz, textos que, polo seu valor literario e contido temático, poden ser utilizados nas aulas.



As dúas estreas máis poderosas do hip-hop galego -tamén dúas das máis interesantes de todo o Estado- para este comezo do 2009 veñen da man de dúas novísimas mulleres da cidade de Vigo. Aid e Wöyza, membros do colectivo Likor Kafé, van sacar cadanseu disco, -Aid tirará *Jugando o 2* de febreiro e Wöyza o vinilo *Pisando el suelo que ves*, a mediados deste mes de xaneiro-, cos que prometen facer abanear os alicerces da escena musical do país. Aínda que estas dúas mulleres, -pertencentes á xeración *my space*-, xa o están a facer en realidade, nomeadamente Wöyza que xa subiu o disco á súa páxina para poder ser descargado de balde e ultrapasou as 40 000 descargas en apenas dous meses, por riba realizadas dende os recantos máis curiosos da terra toda. E a cifra é moi significativa, cando os super-vendas do hip-hop estatal andan polas 5 000-10 000 copias vendidas.

O suceso que está a ter esta amante da música negra, -música de saudade-, radica nunha voz portentosa, cálida, que xa marabillou na súa experiencia coa Verbum Soul Machine, onde versionaba a Otis Redding, Aretha Franklin ou Roberta Flack cunha mestría increíble nunha moza que tiña daquela apenas 20 anos, e que lle permitiu facerse un sitio no descoñecido, mais non exento de calidade, panorama da música negra do Estado. Esixente coa calidade do seu traballo, Wöyza co-
d a

moito as súas colaboracións, entre as que destacan as que ten realizado con Dani Reus ou Kesia, e todo ese empeño, esa fixación case obsesiva que ten co soul, -sabiamente administrada polo omnipresente El Puto Coke-, fica reflectida nun traballo de hip-hop soul, -un disco de hip-hop case sen rap-, onde os dous estilos musicais xogan en cada tema, ensarillándose ás veces, intercalándose outras, para dar un traballo sorprendentemente maduro. Dozura soul e espírito hip-hop. Porque esta moañesa que vive en Vigo nace na cultura do hip-hop, vive nela e emprega as súas cancións para contar as súas cousas, -fuxindo do egocentrismo que satura e atomiza o panorama estatal-, e anda a tender pontes coa outra beira do Miño, antes cos Mind da Gap e agora cos Dealema, ambas as dúas bandas de Gaia, cos que artella -ela e El Puto Coke- o Imperio Norte, unha nova experiencia que mesturará

o galego, o portugués e mais o castelán para contar as realidade de aquí e de aló. Vigo-Gaia connection.

Máis nova aínda que Wöyza, Aid vén de chimpanzar aos medios de comunicación coa súa vitoria no Heineken Greenpace diante de 1 300 novos cantantes de toda España. A locutora, xunto co seu irmán, de "Moito de aquí", unha canle aberta ao panorama hip-hop galego no 106.0 da radio Piratona, malia recoñecer non ter vivido a rúa, ou precisamente por iso, por fuxir de poses e ser auténtica, supón un pulo de frescura nunha escena musical que ás veces adoece dunha impostura que lle resta verosimilitude diante do público. Mais Aid sabe ben que Valadares non é o Bronx, coñeceu o hip-hop ao chegar ao instituto de Beade e axiña comezou compoñer as súas primeiras letras. Aid gosta de Cypress Hill, tamén de Eminem, de Rosalía de Castro e de Bécquer, equipara os MC's cos poetas, di que as fases persoais que vai percorrendo se van reflectindo nas súas letras, -e di isto con 18 anos!!- e é unha esponxa que recoñece non ter dabondo co hip-hop e escoita funk, soul e todo o que pasa polas súas mans para, ela e mais El Puto Coke, crearen un son con moita influencia funk, sobre o que camiña unha rima coitada, poderosamente rítmica, cantada maioritariamente en castelán pero na que ten unha presenza importante o galego. O galego que está presente tamén nas creacións de Wöyza, pois ambas recoñecen que cada tema ten unha lingua, que certas cousas só as poden dicir en galego e que ademais no galego se rapea doutro xeito, -quizais con máis facilidade-, que no castelán, feito moi importante para Aid, preocupada por conseguir a fluidez da rima dos rapeiros en lingua inglesa, un idioma máis monosilábico e moldeable nos parámetros creativos do rap, e que a vaguesa procura no recurso á aliteración, ás onomatopeas e aos xogos vocálicos, nomeadamente nos retrousos dos seus temas.

Ao vivo

A música, todos os estilos, precisa dos concertos. Cando menos para o público poder gozar realmente de todas as sensacións, da mensaxe que quere transmitir o artista, sen entrar en todas as necesidades, de recoñecemento, pecunarias e loxicamente creativas que o propio artista cobre no directo. E ambos os discos van ser presentados na cidade de Vigo, aínda que polo de agora só Aid ten confirmada a data; o vindeiro 13 de febreiro, no Iguana Club, será onde a cantante fará soar a súa rima. O que é seguro é que nas dúas presentacións El Puto Coke estará a carón das cantantes, apadriñando uns traballos que na parte musical lle deben moito a súa capacidade de crear cadanseu universo sonoro, perfectamente axeitado ás diferentes características, aos diferentes gustos e inxerencias destas dúas artistas. Vai ser unha ocasión inmejorable para coñecer de primeira man o seu labor, que nos descubrirá dous exemplos da heteroxeneidade dun hip-hop galego que está a chegar á maioría de idade, e ademais faino literalmente, pois sería aproximadamente arredor do ano 90 cando os primeiros discos de rap aterraron nalgunha vila galega, como Moaña, procedentes de Londres e cando, -e sempre vía emigración-, algún rapaz procedente de Suíza comezou a pintar nas paredes da cidade de Vigo baixo as pautas do Paris Style as lexendas de Mort Subite. Dos skate-parks armados con palés entre as veigas de millo que se agachaban atrás das moles do irracional urbanismo vigués, pasamos ao recoñecemento, á calidade que atesouran os temas de Aid e Wöyza, nun tránsito que afortunadamente non deixou atrás a irreverencia dos comezos.

Avantando nas rimas

Hip-Hop con sabor Likor Kafé

DANIEL LAVESEDO

